

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 17 DE XUÑO DE 2008.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E QUINCE MINUTOS** do día **DEZASETE DE XUÑO DE DOUS MIL OITO**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia do señor tenente de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e o concelleiro **D^o GERARDO LAZARA MOREDA** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

Non asiste: **D^a MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO**

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1^o.- ACTAS ANTERIORES.-

2^o.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

3^o.- CONTRATACIÓN.-

4^o.- SUBVENCIONS.-

5^o.- URBANISMO.-

6^o.- INTERVENCIÓN.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1^o.- ACTAS ANTERIORES.-

Non hai asuntos que tratar.

2^o.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2.1.- Escrito de veciños e propietarios de parcelas lindantes a estrada N-525, no tramo que une os núcleos urbáns de Bandeira e Chapa, Rexistro de Entrada nº 3133, de data 17 de xuño de 2008, indicando que con data 03 de novembro de 2006 presentouse no Concello escrito con rexistro de entrada nº 4638, no que se demandaba a urbanización do tramo Bandeira-Chapa mediante a construción de aceras para a unión de ambos núcleos, solicitando neste novo escrito que polo actual goberno local se proceda ó estudio do expediente aberto polo anterior equipo de goberno.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acodar dar traslado deste escrito ó concelleiro de urbanismo.

2.2.- Escrito de D^o José Luis Campos Novo, en representación da empresa Construcciones Pereiro y Campos S.L., Rexistro de Entrada nº 3017, de data 12 de xuño de 2007, expoñendo que:

1^o.- En relación o escrito con rexistro de saída 1075, de data 21 de maio de 2008, reclámase as taxas de ocupación de vía pública nas rúas Sta. Eulalia e M^a Colmeiro dos meses de xaneiro a xuño de 2008, informando que non están dacordo coas datas, xa que as aceras foron reparadas no mes de abril e durante os meses de maio e xuño non houbo ocupación, polo que solicitan se proceda a calcular unha nova tasa, para os mes de xaneiro a abril de 2008, para seu posterior pago.

2^o.- En relación o escrito con rexistro de saída 1076, de data 21 de maio de 2008, reclámase as taxas de ocupación de vía pública na rúa E, nº 9 dos meses de novembro de 2007 a xuño de 2008, informando que tras a limpeza no mes de abril, nos meses de maio e xuño non houbo ocupación, polo que solicitan se proceda a calcular unha nova tasa, para os mes de novembro de 2007 a abril de 2008, para seu posterior pago.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito o concelleiro de urbanismo.

2.3.- Escrito de Silvet Productos Veterinarios S.C., Rexistro de Entrada nº 3014, de data 12 de xuño de 2008, no que expoñen que dipoñen dun baixo comercial sito na rúa Venezuela, nº 61-baixo (Silleda), cunha entrada preparada para a descarga de artigos, polo que solicitan que se proceda a pintar dita entrada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda que previa comprobación de que a empresa paga a entrada de carruaxes, se emita pola Policía Local informe sobre a viabilidade da petición.

2.4.- Escrito de D^a Elisa Sanmartín Tallón, Rexistro de Entrada nº 2794, de data 04 de xuño de 2008, no que expón que é a propietaria dun garaxe con entrada e saída na rúa Morón, nº 14 (Silleda), polo que solicita se proceda o pintado dunha liña amarela para evitar o aparcamento de vehículos diante do citado garaxe.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda que previa comprobación de que a peticionaria paga a entrada de carruaxes, se emita pola Policía Local informe sobre a viabilidade da petición.

2.5.- Escrito de Autopista Centra Gallega C.E.S.A. (ACEGA), Rexistro de Entrada nº 3115, de data 16 de xuño de 2008, remitindo contestación o escrito remitido por este Concello en data 29 de maio de 2008, Rexistro de Saída nº 1116, sobre solicitude de limpeza de zonas de riesgo aledañas á autopista AP-53.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito o concelleiro de Medio Ambiente.

2.6.- Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 2863, de data 09 de xuño de 2008, sobre inspección previa a outorgar a autorización como xestor de valorización de residuos industriais á entidade “José Luis Lorenzo Penido (Desguaces Rolán)”, indicando que nunha finca xunto a estrada nacional 525 e lindante co recinto da entidade anteriormente mencionada, no lugar de Naval de Riocalvo, atópanse varios vehículos fora de uso, polo cal solicitan os datos relativos á actividade ou propietario da finca referida.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e visto que non hai seguridade sobre a titularidade da finca onde están os vehículos, acorda solicitar da Policía Local informe de investigación sobre quen é o titular da finca.

2.7.- Escrito de Espina y Delfin S.L., Rexistro de Entrada nº 2982, de data 11 de xuño 2008, de relación de solicitudes de abastecemento e saneamento recibidas durante o mes de maio de 2008 e que se relacionan a continuación:

| Apelidos e Nome dos abonados | Enderezo |
|------------------------------|-----------------------------------------|
| Fernández Sánchez Isabel | Rúa de Morón, s/n-Portal 1-1B (Silleda) |
| Vidal Blanco José | Rúa Venezuela, 30-2º (Silleda) |
| Vidal Blanco José | Rúa Venezuela, 30-3º (Silleda) |
| Técnicas e Gramaxe, S.L. | Rúa Santa Eulalia, 18 baixo (Silleda) |
| Cerdeira González Pablo | Rúa Mª Colmeiro, 3-2º (Silleda) |

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda dar traslado destas solicitudes ó Fontanero Municipal para seu informe, o cal será elevado a esta Xunta de Goberno Local para súa aprobación se procede.

2.8.- Dase conta do escrito remitido pola Concellería de Medio Ambiente á Patrulla do Seprona de Lalín, (Rexistro de Saida nº 1211, de data 05.06.08), en relación a denuncia/inspección nº 2008-101219-0000093 de infracción da normativa sobre residuos e vertidos, por abandono do vehículo matrícula 6420-BBG, no lugar de Bazar, parroquia de Abades (Silleda), propiedade de Dº Clemente Cibreiro Rey, indicando que segundo informe da Policía Local nº 169/08, de data 05 de xuño de 2008, o mesmo foi retirado e que dito espazo está en perfecto estado dende o punto de vista natural e medioambiental.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda o arquivo deste expediente.

2.9.- Dase conta do escrito remitido pola Concellería de Medio Ambiente á Patrulla do Seprona de Lalín, (Rexistro de Saida nº 598, de data 28.03.08), en relación a denuncia/inspección nº 2008-101219-0000047 de infracción da normativa sobre residuos e vertidos, por abandono de camión nos montes de Escuadro (Silleda), propiedade de Dª Mª

Blanca Fidalgo Villaverde, indicando que segundo informe da Policía Local nº 95/08, de data 26 de marzo de 2008, o mesmo foi retirado e que dito espazo está en perfecto estado dende o punto de vista natural e medioambiental.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda o arquivo deste expediente.

2.10.- Dase conta do escrito remitido o Consellerio de Medio Rural por parte do Concelleiro de Medio Rural deste Concello, o Xefe do Distrito Forestal XVI Deza-Tabeirós e o Técnico do mesmo, de data 28 de maio de 2008, solicitando a ampliación dun mes no convenio de colaboración ebtre a Consellería de Medio Rural e o concello de Silleda para a participación na protección de núcleos rurais mediante a realización de traballos de prevención e defensa contra incendios forestais nas áreas de especial protección.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3º.- CONTRATACIÓN.-

3.1.- Pintado de rúas dos núcleos urbáns de Silleda e Bandeira. PAM 2.006-2.008

Dase conta pola Sra. Alcaldesa-Presidenta da certificación nº 3 e liquidación , presentada en data 20 de xullo de 2.007, con número de rexistro de entrada 3315, correspondente á obra “Pintado de rúas dos núcleos urbáns de Silleda e Bandeira”, do PAM 06-08, asinada polo Arquitecto Técnico Director das obras D. José Pereiras Sánchez en data 17 de xullo de 2007, e que ascende a un importe de 6.000,00 □□□, así como a factura desta certificación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación Nº 3 e liquidación da obra obra “Pintado de rúas dos núcleos urbáns de Silleda e Bandeira”, do PAM 06-08, asinada polo Arquitecto Técnico Director das obras D. José Pereiras Sánchez

2º.- Aprobar a factura correspondente a esta certificación e que se describen a continuación:

| Fecha Factura | Nº Factura | Proveedor | Importe □□□ |
|---------------|------------|---------------------------------|--------------|
| 06.06.08 | 2008/0503 | Señalizaciones De La Cruz, S.L. | 6.000,00 □□□ |

3.2.-Contratación do Servizo “Esperta con Nós”, “Espazo Divertido” e “Campamento de Verán e Nadal”.

Visto que en data 02 de xuño de 2.008 a Xunta de Goberno Local acordou dispoñer a apertura do procedemento negociado sen publicidade de adxudicación do contrato do servizo “Esperta con Nós”, “Espazo Divertido” e “Campamento de Verán e Nadal”

Visto que pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 02 de xuño de 2008, aprobáronse os pregos de cláusulas administrativas particulares e dispúxose a apertura do procedemento negociado de adxudicación, solicitando ofertas alomenos a tres empresas capacitadas para á realización do obxecto do contrato de conformidade co artigo 153.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Visto que remitidas solicitudes de ofertas a Acode, Coesco e Discóbolo Galicia, únicamente se presentou a da Asociación para o Desenvolvemento Social da Comarca do Deza (ACODE), en data 11 de xuño de 2.008.

Considerando que a adopción deste acordo é competencia da Xunta de Goberno Local, por delegación efectuada polo Alcaldesa, mediante Decreto de 06 de Xullo de 2007.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Adxudicar a Asociación para o Desenvolvemento Social da Comarca do Deza (ACODE), con C.I.F. nº G-36527745 e domicilio social na rúa M^a Colmeiro nº 1-4^B (Silleda), o contrato do servizo “Esperta con Nós”, “Espazo Divertido” e “Campamento de Verán e Nadal”, con estricta suxección ó Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado por esta Xunta de Goberno Local en data 02 de xuño de 2008

Segundo.- Establecer como precio do contrato a cantidade de 54.946,74 □□□, IVA incluído.

Terceiro.- Formalizar este contrato en documento administrativo, de conformidade co previsto no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Cuarto.- Notificar este acordo á Intervención Municipal e ó adxudicatario.

Quinto.- Facultar á Sra. Alcaldesa, na amplitude precisa, para a sinatura do contrato en documento administrativo, que poderá ser elevado a escritura pública se así o solicita o adxudicatario, sendo o seu custo os gastos derivados do seu otorgamento

3.3.-Contratación de Servizos para impartir as accións de Formación Profesional Ocupacional do curso denominado “Creación e Xestión de Empresas: Autoemprego” (módulo A) e o curso denominado “Auxiliar de Atención Infantil” (Módulo A), coa calificación CPA, categoría 24. (Plan F.I.P.)

Visto que en data 02 de xuño de 2.008 a Xunta de Goberno Local acordou dispoñer a apertura do procedemento negociado sen publicidade de adxudicación do contrato do servizo para impartir as accións de Formación Profesional Ocupacional do curso denominado “Creación e Xestión de Empresas: Autoemprego” (módulo A) e o curso denominado “Auxiliar de Atención Infantil” (Módulo A), coa calificación CPA, categoría 24. (Plan F.I.P.)

Visto que pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 02 de xuño de 2008, aprobáronse os pregos de cláusulas administrativas particulares e dispúxose a apertura do procedemento negociado de adxudicación, solicitando ofertas alomenos a tres empresas

capacitadas para á realización do obxecto do contrato de conformidade co artigo 153.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Visto que remitidas solicitudes de ofertas a Coesco, Informática Jaime e Academia Mazaneda S.L., únicamente se presentou a de COESCO S.L., en data 06 de xuño de 2.008, remitindo Academia Mazaneda S.L. escrito de agradecemento (Rexistro de Entrada 2852 de 06.06.08) pero que non presentan oferta debido a carga de traballo que teñen na actualidade.

Considerando que a adopción deste acordo é competencia da Xunta de Goberno Local, por delegación efectuada polo Alcaldesa, mediante Decreto de 06 de Xullo de 2007.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Adxudicar a Centro de Orientación de Estudios Comerciales S.L. (COESCO), con C.I.F. nº B-36043073 e domicilio social na rúa San Pelayo, nº 21 de A Estrada, o contrato do servizo para impartir as accións de Formación Profesional Ocupacional do curso denominado “Creación e Xestión de Empresas: Autoemprego” (módulo A) e o curso denominado “Auxiliar de Atención Infantil” (Módulo A), coa calificación CPA, categoría 24. (Plan F.I.P.), con estricta suxección ó Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado por esta Xunta de Goberno Local en data 02 de xuño de 2008

Segundo.- Establecer como precio do contrato a cantidade de 38.482,50 €€, IVA incluído.

Terceiro.- Formalizar este contrato en documento administrativo, de conformidade co previsto no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Cuarto.- Notificar este acordo á Intervención Municipal e ó adxudicatario.

Quinto.- Facultar á Sra. Alcaldesa, na amplitude precisa, para a sinatura do contrato en documento administrativo, que poderá ser elevado a escritura pública se así o solicita o adxudicatario, sendo o seu custo os gastos derivados do seu otorgamento

3.4.- Demolición das edificacións das vivendas dos mestres do CEIP de Silleda.

Vista a necesidade deste Concello de contratar a realización dun proxecto denominado “Demolición das edificacións das vivendas dos mestres do CEIP de Silleda”, cun prezo que ascende a cantidade de 3.694,60 €€€.

Visto que con data 13 de xuño de 2008, emitiuse informe de Intervención, no que se acreditaba a existencia de crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato; e emitiuse informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, aos efectos de determinar o órgano competente para contratar.

Visto que con data 13 de xuño de 2008, emitiuse Informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

1º.- Levar a cabo a contratación de realización do proxecto denominado “Demolición das edificacións das vivendas dos mestres do CEIP de Silleda” mediante o procedemento do contrato menor de servizos, co Arquitecto Técnico Dº José Luis Encinas Álvarez, por un importe de 3.694,60 €

2º.- Aprobar o gasto correspondente á prestación, con cargo a partida 432.210.00 do vixente Orzamento.

3.5.- Dase conta do proxecto confeccionado por Proserga Técnicas de Ingeniería S.L., de data xuño de 2008, denominado “PROXECTO DE MELLORA DOS CAMIÑOS: IGREXA DE SAN TIRSO, O CASTRO, CHAPA, SAN FIZ-1, SAN FIZ-2, CARRAL, A REVOLTA, LAXE, GALÁN, O SOUTO E ESCUADRO, NO CONDELLO DE SILLEDA (PONTEVEDRA)”, ascendendo o total presuposto por contrata a cantidade de 121.091,97 € (IVA incluído).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación a este proxecto.

3.6.- Contrato de Suministro de vehículos industriais, incluído no Programa de Acción Municipal (PAM 2.006-08).

Dada conta do expediente de contratación para a adquisición de dous vehículos industriais, iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local para a adxudicación por procedemento negociado sin publicidade, por razón da contía do suministro de vehículos industriais, incluído no Programa de Acción Municipal (PAM 2.006-08).

Visto que por razón da contía do servizo, considérase como procedemento máis axeitado o procedemento negociado sin publicidade.

Visto que se incorporaron ó expediente os seguintes documentos:

- o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares
- o Informe de Intervención, de data 16 de xuño de 2.008
- o Informe de Secretaría, de data 16 de xuño de 2.008

Considerando que a adopción deste acordo é competencia da Xunta de Goberno Local, en virtude da delegación efectuada mediante acordo plenario de 06 de xullo de 2.007.

En virtude de todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

Primero.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexirá o contrato.

Segundo.- Aproba-lo gasto correspondente por importe de 58.000,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 432/624.01

Terceiro.- Dispoñer a apertura do procedemento negociado sin publicidade de adxudicación, solicitando ofertas alomenos a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato.

Cuarto.- Cumplir os demais trámites preceptivos de impulso ata a formalización do oportuno contrato.

3.7.- Dase conta da resolución da Dirección Xeral de Formación e Colocación, pertencente á Consellería de Traballo, pola que se concede o Concello de Silleda, no marco do Plan FIP 2.008, o curso de instalador de sistemas de enerxía solar.

Vista a necesidade de proceder a realizar a contratación do servizo para impartir as accións de Formación Profesional Ocupacional do citado curso, denominado “INSTALADOR DE SISTEMAS DE ENERXÍA SOLAR” (MODULO A), por importe de 19.305,00 euros, por carecer o Concello de personal propio cualificado para a prestación do mesmo

Visto que por razón da contía do servizo, considérase que o procedemento máis axeitado e o procedemento negociado sin publicidade.

De conformidade co establecido no artigo 93 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato do servizo para impartir as accións de Formación Profesional Ocupacional do citado curso, denominado “INSTALADOR DE SISTEMAS DE ENERXÍA SOLAR” (MODULO A), por procedemento negociado sin publicidade.

SEGUNDO. Que se redacten os correspondentes Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que deben rexir o Contrato e o proceso de adxudicación.

TERCEIRO. Que polo Interventor se emita informe sobre o porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do presuposto vixente e sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente para proceder á contratación.

CUARTO. Que por Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

3.8.- Dada a necesidade deste Concello de contratar o servizo de traballos de desbroce de pistas e camiños do Concello de Silleda, ó obxecto de dar cumprimento as obrigas asumidas polo Concello ó abeiro do convenio de colaboración firmado coa Consellería de Medio Rural, para a participación na prevención de incendios forestais mediante a realización de tratamentos preventivos en vías, camiños e outras superficies forestais de titularidade municipal.

O prezo do contrato ascendería á cantidade de 22.680,00 euros IVE incluído.

Dadas as características do servizo parece que o procedemento máis adecuado é o procedemento negociado sen publicidade, por todo elo,

PRIMEIRO. Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato do servizo de traballos de desbroce de pistas e camiños do Concello de Silleda por procedemento negociado sen publicidade.

SEGUNDO. Que por Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

TERCEIRO. Que se redacten os correspondentes Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que han de rexer o Contrato e o proceso de adxudicación.

CUARTO. Que polo Interventor se faga a retención de crédito que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

4º.- SUBVENCIONES.-

4.1.- Escrito do Servizo de Cooperación da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 2940, de data 11 de xuño de 2008, remitindo resolución pola que se preta aprobación a certificación Sete da obra “Mellora das Bibliotecas, Locais Sociais e outros servizos de: Breixa, Dornelas, Fiestras, Laro, Manduas, etc.”, nº 115/785 do PAM 06-08, correspondente a anualidade 2008, así como declarar o abono a favor do concello da cantidade de 15.039,52 □□□

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

4.2.- Escrito da Secretaría Xeral de Emigración - Consellería de Presidencia, Rexistro de Entrada nº 2953, de data 11 de xuño de 2008, remitindo resolución de data 04 de xuño de 2008, recaída no expediente PR 907A 2008/57, pola que se concede subvención para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida da poboación retornada e inmigrante, segundo o seguinte desglose:

- Xornada “Detección da violencia de xénero”: 600,00 □□□
- Obradoiro de técnicas de busca de emprego: 300,00 □□□

- Xornada de medicación intercultural: 300,00 □□□

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

5º.- URBANISMO.-

5.1.- Dase conta do escrito presentado por URBANIZACIONES DEL DEZA, S.L., Rexistro de Entrada nº 3032, de data 13 de xuño de 2008, solicitando sexa modificado o título da licencia de obra concedida pola Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión celebrada o día 21 de maio de 2007, nº 4053/06, suprimindo a calificación de V.P.A. das vivendas.

Visto que pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de maio de 2007, concédese a nome de URBANIZACIONES DEL DEZA, S.L. licencia nº 4053/06 para construción dun edificio composto de planta soto para garaxe, planta baixa para garaxe e locais comerciais, tres plantas altas para 18 vivendas (V.P.A.) e planta baixo cuberta para trasteiros-tendedeiros, a situar na Rúa da Empanada, esquina Calello da Empanada, números 3-5-7, Bandeira (Silleda).

Visto o Informe Técnico Urbanístico, de data 16 de xuño de 2008, sobre a solicitude presentada por Urbanizaciones del Deza S.L., no que consta que non se aprecia ningún inconveniente acerca de que definitivamente que a licencia de obra nº 4053/06 coa seguinte denominación:

“Construcción dun edificio composto de planta soto para garaxe, planta baixa para garaxe e locais comerciais, tres plantas altas para 18 vivendas e planta baixo cuberta para trasteiros-tendedeiros.”

A Xunta de Goberno Local, vistos os antecedentes do expediente, por unanimidade acorda a modificación da denominación da licencia nº 4053/06, quedando da forma seguinte: “Construcción dun edificio composto de planta soto para garaxe, planta baixa para garaxe e locais comerciais, tres plantas altas para 18 vivendas e planta baixo cuberta para trasteiros-tendedeiros”

5.2.- Licencia de primeira ocupación

Visto o informe emitido polos Servicios Técnicos municipais en data 16 de xuño de 2.008, en virtude do cal, se constata que as obras efectuadas na Rúa Lourás s/n de Bandeira (Silleda) se executaron de conformidade co proxecto e condicións da licencia nº 549/06 concedida a PROMOCIONES REYDO 06, S.C. por acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de marzo de 2.006, para construción de edificio composto de soto para garaxe, baixo para local comercial, tres plantas altas para 9 vivendas e planta baixo cuberta para trasteiros-tendedeiros, e que resulta apto para a súa posta en uso.

Visto que de conformidade co disposto nos artigos 21.2 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955, está

suxeita a previa licencia a primeira utilización ou ocupación dos edificios e instalacións en xeral.

Visto o disposto no artigo 195.6 da lei 9/2002 LOUPMRG.

Visto que o órgano competente é a Sra. Alcaldesa, segundo dispón o artigo 21.1q) da Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local; competencia que, en virtude de Decreto de data 6 de xullo de 2007, foi delegada na Xunta de Goberno Local.

Por todo elo, á vista dos antecedentes e fundamentos expostos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro: Conceder a PROMOCIONES REYDO 06, S.C. licencia de primeira ocupación do edificio sito na Rúa Lourás s/n de Bandeira (Silleda), autorizando a posta en uso do mesmo, toda vez que, da documentación que figura no expediente e do informado polos Servizos Técnicos municipais, quedou acreditado que as obras executadas se corresponden co proxecto da licencia de obra maior nº 549/06, condicionada esta a que a medianera resultante deberá tratarse de forma que seu aspecto e calidade sexan análogas ós das demais fachadas (art. 210.4 PXOM vixente).

Segundo: Aprobar a liquidación definitiva da taxa por tramitación de licencias, practicada conforme á Ordenanza Reguladora da Taxa por Outorgamento de Licencia de Primeira Ocupación de Edificios, de onde resulta un total de 238,54 euros.

5.3.- Actividades Clasificadas

5.3.1.- Examinado o expediente promovido por Dº Nemesio Jar Pereira, en representación de CARPINTERÍA JAR, S.L., en virtude de instancia nº 527 de data 04 de febreiro de 2008, solicitando Licencia de actividade correspondente a instalación dun taller de carpintería de madeira, a situar na parcela nº 7 da mazá nº 5 do Parque Empresarial Área-33 (Silleda), segundo proxecto do Enxeñeiro Industrial Dº José L. Pérez Donsión, visado polo Colexio Oficial en data 28 de xaneiro de 2008, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 26 de maio de 2008.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e súa adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradición co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 527/08 instada por Dº Nemesio Jar Pereira, en representación de CARPINTERÍA JAR, S.L., para instalación dun taller de carpintería de madeira, a situar na parcela nº 7 da mazá nº 5 do Parque Empresarial Área-33 (Silleda)

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental), para que emita informe previo á concesión da correspondente licencia.

5.4.- Escrito de Dº Julio Caballero Fernández, Rexistro de Entrada nº 2768, de data 03 de xuño de 2008, no que expón que estando interesado na adquisición dun piso ubicado no edificio Zoco III, emprazado en solar con fronte a rúa de próxima apertura prevista no PXOM que parte da rúa República Arxentina (Silleda), sendo o seu promotor PROMOTORA LALÍN 2000, S.L. solicitando información do mesmo, en base o artigo 35 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicar a Dº Julio Caballero Fernández o seguintes:

1º.- O edificio que vostede identifica como Zoco III, tel e como consta no contrato que vostede engade ó escrito, dispón da licencia de obra maior esixida pola vixente lexislación, licencia outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local en data 24 de outubro de 2006 para construción de edificio composto dúas plantas soto para garaxe, planta baixa, entresolo, catro plantas altas para 33 vivendas e planta baixo cuberta para trasteiros.

Asimesmo comunícaselle que este Concello non adoptou acordo algún de paralización das obras escomenzadas ó abeiro desta licencia; así como que non existe data límite de remate das obras, a non ser a derivada da caducidade da licencia de obra, suposto que non se da neste caso.

2º.- Que este Concello estima bastante a descripción rexistral para identificar un solar, o cal se fai neste caso.

3º.- Excede do ámbito competencial deste Concello pronunciarse sobre a titularidade das parcelas, lembrándolle que as licencias de obra concédense sempre sen perxuízo de

terceiros e salvo dereito de propiedade.

5.5.- Visto o escrito presentado por Dº LUIS PENELA GONZÁLEZ, Rexistro de Entrada nº 2448, de data 16 de maio de 2008, solicitando ocupación de 20 m2 de vía pública, fronte o local denominado “Salón de Té Penela”, situado na rúa Cartaxena, nº 2 (Silleda).

Vistos os informes da Policía Local e Oficina Técnica.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestar aprobación a solicitude presentada por Dº LUIS PENELA GONZÁLEZ para ocupación de 20 m2 de vía pública, fronte o local denominado “Salón de Té Penela”, situado na rúa Cartaxena, nº 2 (Silleda), así como aprobación das taxas correspondentes.

5.6.- Visto o escrito presentado por MANUEL PEREIRAS Y DAMIAN SUEIRO, S.C., Rexistro de Entrada nº 2455, de data 16 de maio de 2008, solicitando ocupación de 20 m2 de vía pública, fronte o local denominado “Bar Arume”, situado na rúa Camilo José Cela, nº 5 de Bandeira (Silleda).

Vistos os informes da Policía Local e Oficina Técnica.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestar aprobación a solicitude presentada por MANUEL PEREIRAS Y DAMIAN SUEIRO, S.C. para ocupación de 20 m2 de vía pública, fronte o local denominado “Bar Arume”, situado na rúa Camilo José Cela, nº 5 de Bandeira (Silleda), así como aprobación das taxas correspondentes.

5.7.- Visto o escrito presentado por Dª MARIA DEL PILAR LÓPEZ CASAL, Rexistro de Entrada nº 2515, de data 20 de maio de 2008, solicitando ocupación de 12 m2 de vía pública, fronte o local denominado “O Berrinche”, situado na rúa Venezuela, nº 51 baixo (Silleda).

Vistos os informes da Policía Local e Oficina Técnica.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestar aprobación a solicitude presentada por Dª MARIA DEL PILAR LÓPEZ CASAL para ocupación de 12 m2 de vía pública, fronte o local denominado “O Berrinche”, situado na rúa Venezuela, nº 51 baixo (Silleda), así como aprobación das taxas correspondentes.

5.8.- Visto o escrito presentado por PEREZ FILLOY DIEGO, S.L.N.E., Rexistro de Entrada nº 2519, de data 20 de maio de 2008, solicitando ocupación de 12 m2 de vía pública, fronte o local denominado “MASS”, situado na rúa Venezuela, nº 9 baixo (Silleda).

Vistos os informes da Policía Local e Oficina Técnica.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestar aprobación a solicitude presentada por PEREZ FILLOY DIEGO, S.L.N.E. para ocupación de 12 m2 de vía pública, fronte o local denominado “MASS”, situado na rúa Venezuela, nº 9 baixo (Silleda), así como aprobación das taxas correspondentes.

5.9.- Visto o escrito presentado por D^a TANIA MARIA PAZOS MATO, Rexistro de Entrada n^o 2536, de data 21 de maio de 2008, solicitando ocupación de 16 m² de vía pública, fronte o local denominado “A FADA DO XEO”, situado na rúa Progreso, n^o 7 (Silleda).

Vistos os informes da Policía Local e Oficina Técnica.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestar aprobación a solicitude presentada por D^a TANIA MARIA PAZOS MATO para ocupación de 12 m² de vía pública, fronte o local denominado “A FADA DO XEO”, situado na rúa Progreso, n^o 7 (Silleda), así como aprobación das taxas correspondentes.

5.10.- Visto o escrito presentado por D^a ELVIRA MATO LÓPEZ, Rexistro de Entrada n^o 2611, de data 28 de maio de 2008, solicitando ocupación de 10 m² de vía pública, fronte o local denominado “BAR TRIANA”, situado na rúa Cartaxena, n^o 4 (Silleda).

Vistos os informes da Policía Local e Oficina Técnica.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestar aprobación a solicitude presentada por D^a ELVIRA MATO LÓPEZ para ocupación de 10 m² de vía pública, fronte o local denominado “BAR TRIANA”, situado na rúa Cartaxena, n^o 4 (Silleda), así como aprobación das taxas correspondentes.

5.11.- Visto o escrito presentado por D^a ESTHER MONTOUTO GARCÍA, Rexistro de Entrada n^o 2701, de data 29 de maio de 2008, solicitando ocupación de vía pública de 12 m² na rúa Outeiro e 16 m² da Praza da Feira Vella, fronte o local denominado “BODEGÓN ESTHER”, situado na rúa Outeiro - praza da Feira Vella (Silleda).

Vistos os informes da Policía Local e Oficina Técnica.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestar aprobación a solicitude presentada por D^a ESTHER MONTOUTO GARCÍA para ocupación de vía pública de 12 m² na rúa Outeiro e 16 m² da Praza da Feira Vella, fronte o local denominado “BODEGÓN ESTHER”, situado na rúa Outeiro - praza da Feira Vella (Silleda), así como aprobación das taxas correspondentes.

5.12.- Visto o escrito presentado por D^o MANUEL ROZADOS GARCÍA, Rexistro de Entrada n^o 2827, de data 05 de xuño de 2008, solicitando ocupación de 20 m² de vía pública, fronte o local denominado “A LAREIRA DE CUIÑA”, situado na rúa Cartaxena, n^o 18 (Silleda).

Vistos os informes da Policía Local e Oficina Técnica.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestar aprobación a solicitude presentada por D^o MANUEL ROZADOS GARCÍA para ocupación de 20 m² de vía pública, fronte o local denominado “A LAREIRA DE CUIÑA”, situado na rúa Cartaxena, n^o 18 (Silleda), así como aprobación das taxas correspondentes.

5.13.- Visto o escrito presentado por Dº JOSÉ MANUEL QUINTEIRO PEREIRO, Rexistro de Entrada nº 3049, de data 13 de xuño de 2008, solicitando ocupación de 24 m2 de vía pública, fronte o local denominado “CAFETERÍA AVENIDA”, situado na rúa Avda. do Parque, nº 3 (Silleda).

Vistos os informes da Policía Local e Oficina Técnica.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestar aprobación a solicitude presentada por Dº JOSÉ MANUEL QUINTEIRO PEREIRO para ocupación de 24 m2 de vía pública, fronte o local denominado “CAFETERÍA AVENIDA”, situado na rúa Avda. do Parque, nº 3 (Silleda), así como aprobación das taxas correspondentes.

6º.- INTERVENCIÓN.-

6.1- Visto o informe emitido pola Interventora do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00031-08, de data 17 de xuño de 2008, ascendendo a mesma a un importe total de 44.823,52 € (Relación en Anexo adxunto).

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e quince minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,